



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZAOITO DE FEBREIRO DE 2026, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
	D. XESÚS CASTRO BLANCO
	D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE
	D ^a . MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES
Secretaria	D ^a . MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dezaeito de febreiro de dous mil vinte e seis, baixo a presidencia de D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (28/01/2026)

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria do día 18/01/2026 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo sobre adhesión do concello á declaración institucional da Fegamp con motivo do 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

Declárase a urxencia do mesmo, que é aprobado por unanimidade.

Con motivo da celebración o vindeiro 8 de marzo do Día Internacional da Muller, a Fegamp a aprobou unha Declaración Institucional e convidan ao concello a subscribila.

O texto é o seguinte:

A conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, permítenos lembrar, reivindicar e facer balance dos avances acadados. Unha data mundialmente rememorada na que a ONU, neste 2026, une a mulleres e nenas para esixir igualdade real de dereitos e unha xustiza para facer valer, exercer e desfrutar eses dereitos.

No municipalismo galego, falar de igualdade significa falar de milleiros de mulleres implicadas ao longo dos anos que deixaron e deixan o mellor do seu talento e da súa capacidade ao servizo da veciñanza con responsabilidade, bo facer e rendición de contas. Un traballo cotiá que mantén en pé aos concellos e garante que os servizos públicos cheguen a todas as persoas.



Desde a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) queremos poñer o acento neste labor imprescindible, e non sempre recoñecido, das xestoras públicas. Mulleres que dende os espazos de responsabilidade, e tamén dende os equipos técnicos, sosteñen a administración local e participan nos procesos máis esixentes que afrontan hoxe os gobernos máis próximos á cidadanía.

Dende Maruja Gómez, a primeira muller alcaldesa elixida democraticamente en Galicia no ano 1936, ata hoxe, moitas mulleres foron asumindo os bastóns de mando dos 313 concellos galegos. Outras como concelleiras e outras en labores de oposición, pero todas erguendo a bandeira do traballo colectivo e deixando o listón moi alto. De feito, compre engadir que máis do 42% das concellerías nos municipios galegos están ocupadas por unha muller, malia que só o 22% son alcaldesas. Falamos de mulleres traballando en ámbitos e funcións chave na xestión municipal como a planificación de servizos, o deseño dos pobos e das cidades, a xestión económica, a contratación pública ou programando e prestando servizos á comunidade. Un traballo constante e rigoroso, absolutamente esencial para garantir a continuidade, a estabilidade institucional e a mellor atención, mesmo en situacións complexas como recentemente aconteceu coa pandemia do Covid.

Na actualidade, esta experiencia resulta determinante para facer fronte a un dos maiores desafíos do municipalismo como foi a xestión dos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, coñecidos como Next Generation EU. Nunca antes os concellos e deputacións tiveran que xestionar recursos de tal dimensión, cunha esixencia técnica que require coñecemento normativo, vangarda, organización, coordinación e unha planificación precisa. En Galicia, unha parte moi significativa desta responsabilidade recae nas mulleres.

Ese foi o motivo de poñer este 8M o foco nas mulleres como xestoras transformadoras dos seus pobos e cidades, facendo gala dun compromiso e coñecemento do territorio que posibilita que os investimentos non se concentren só nos grandes núcleos urbanos, senón que contribúan á cohesión territorial de toda Galicia e a un desenvolvemento máis equilibrado.

Este liderado político e institucional implica tomar decisións, establecer prioridades e garantir a transparencia no uso dos recursos públicos, con rigor e unha base sólida que reforza a confianza da cidadanía nas institucións.

En todos os contextos políticos, a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes non pode entenderse como unha cuestión secundaria, senón como unha condición necesaria para a eficacia e a eficiencia das políticas públicas. Non hai política sen igualdade, non hai xestión sen mulleres, non hai democracia real sen paridade.

Por todo iso, debemos seguir defendendo o feminismo como un movemento político, social e cultural civilizador, indispensable para combater todas as formas de desigualdade, discriminación e violencia. É indispensable para reforzar a participación activa das mulleres na política local, pero tamén na economía, na educación, na investigación e na tecnoloxía. E por suposto, é imprescindible para fornecer e ampliar a actual axenda pública con novas respostas a vellas preguntas, con novas solucións para vellos problemas.

Neste 8 de marzo, na FEGAMP reafirmamos o noso compromiso para seguir visibilizando ás mulleres como xestoras do público, exercendo o poder e eliminando barreiras que aínda dificultan a seu acceso a postos de responsabilidade. Temos a oportunidade en Galicia de seguir pulando por un modelo municipal de desenvolvemento sostible, social, económico e medioambiental, centrado nas persoas, con perspectiva de xénero, con miradas máis plurais e coa igualdade impregnando a organización e a xestión dos concellos. Invitámosvos a que durante todo o ano, pero especialmente nestas datas tan simbólicas, estimulemos



conxuntamente a visibilización destes logros escritos co nome de centos de mulleres, que abramos espazos de participación para todas, que reforcemos a colaboración e o liderado de todas elas. Traballemos para que os retos e desafíos que temos por diante se afronten dende o principio de igualdade, recoñecendo ás mulleres non só como protagonistas da igualdade, senón como xestoras do cambio, responsables directas de construír, dende o ámbito local, un mellor futuro.

Cando unha muller avanza, ningún home retrocede. Cando unha muller avanza, todas dan un paso ao fronte.

A Presidencia indica que tal e como acordaron as concelleiras dos distintos grupos da corporación municipal e tal e como vén sendo tradicional, traen o manifesto aprobado pola Fegamp por unanimidade.

Posto a votación, apróbbase por unanimidade.

3º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose Rodríguez, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a sinalización de animais salvaxes na contorna da Escola Infantil Municipal, a Presidencia di que toman nota.

-- Ás preguntas formuladas por dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto a que se cubran as baixas do centro de saúde, a Presidencia di que un dos médicos ten unha baixa prolongada. Mantiveron unha reunión co xerente do CHUS o 03/02/2026 na que se lle explicou a situación. Este contestou que se asignaran as vacantes e que había dificultade para atopar médicos, pero que van intentar cubrir de forma regular esa vacante o máis urxente posible.

4º.- Rogos e preguntas.

-- O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, pregunta:

1º.- Sobre a contratación dos servizos e execución de actuacións de carácter supramunicipal do Plan de Sostenibilidade Turística Terras de Santiago (Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia NexGenerationEU):

a.- Solicita unha avaliación das actividades realizadas ata o día de hoxe de forma xenérica en todos os concellos e en particular en Vedra.

b.- Pregunta se a Presidencia pode explicar se considera que funcionaron de forma correcta os mecanismos de control político e administrativo do concello no proceso de contratación vinculado a ese expediente.

c.- Pregunta como valora o goberno municipal o cumprimento das obrigas en materia de prevención de conflito de interese, nomeadamente no relativo á declaración da ausencia de conflito de intereses (DACI).

d.- Pregunta se a Presidencia considera que se garantiu neste proceso de licitación a igualdade e a libre concorrència no procedemento.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



e.- Pregunta se a Presidencia pode explicar que análise fixo o executivo municipal sobre a diferenza económica existente entre as ofertas presentadas e sobre o posible impacto que esta situación pode ter, tanto dende o punto de vista financeiro como de reputación para o concello.

2º.- Solicita ao grupo de goberno que de forma inmediata dea solución ao problema de filtracións e goteiras que existen no edificio do arquivo municipal histórico. Ao mesmo tempo, solicita o convenio orixinal que se asinou con Arxentina para recibir o concello eses documentos, porque se non é posible mantelos en condicións idóneas, habería que devolvelos.

3º.- Respecto ao proceso de rehabilitación e cambio de cuberta da nave de ADIF en Santa Cruz, pregunta de quen é a responsabilidade de ter iniciado as obras de restitución da cuberta en pleno inverno, cal foi o motivo de inicialas neste tempo, quen correrá cos custes de reparación do interior da nave e quen se fai responsable do material deteriorado na obra.

4º.- Parece ser que a Presidencia tivo unha entrevista interesante en Radiolíder na que dixo que pensa planificar o urbanismo de Vedra. Pregunta se pensa facer un novo PXOM. Recórdalle que non existe ningunha ferramenta ao alcance para realizar unha nova planificación de Vedra, que non sexa a través do PXOM.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Solicita que revisen o tema das citas médicas no centro de saúde de Vedra, porque non pode ser que uns veciños, por ter asignado un determinado médico, teñan a cita máis próxima o 9 de marzo e outros o 27 de febreiro. Cre que non pode haber esas diferenzas entre veciños.

Conclúe ao fío das vinte horas e corenta e cinco minutos.